



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1736/2024	A Xunta de Goberno Local	25/06/2024

LARA FERNÁNDEZ VILA EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 1736/2024. DECLARACIÓN DE DESERTO O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS E REDES INFORMÁTICAS (C24/9)

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

O expediente de contratación para a adxudicación do servizo de mantemento de equipos e redes informáticas (C24/9) foi iniciado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2024 e aprobado en sesión de data 13 de maio de 2024 logo de incorporar ao mesmo todos os documentos esixidos no artigo 116 da LCSP.

O anuncio de licitación foi publicado no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) o día 16.05.2024 abrindo o prazo de presentación do ofertas no que segundo consta no certificado asinado pola Secretaria municipal en data 3.06.2024 presentaron oferta en tempo e forma as seguintes empresas:

	LICITADOR	NIF	DATA
1	Balidea Consulting & Programing S.L.	B15850647	31/05/2024_11:23
2	Evelb Técnicas y Sistemas S.L.	B70240320	31/05/2024_15:47

A Mesa de Contratación Permanente reuniuse o día 3.06.2024 para a apertura dos sobres A, correspondente á documentación administrativa, declarando admitidos a ámbolos dous licitadores, e o sobre B, correspondente á oferta técnica, que acordou remitir ao Servizo de Asistencia a Intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra para a súa valoración conforme aos criterios baseados en xuízos de valor establecidos no prego que rexe a licitación (acta nº 2024-0008).





Recibido o informe solicitado (recibo 2024-E-RC-6747), a Mesa de Contratación Permanente reuniuse novamente o día 10.06.2024 e logo de asumir o informe de valoración de ofertas acordou excluír a ambos licitadores (acta nº 2024-0010), propondo ao órgano de contratación que declare deserta a licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Vista a proposta de resolución PR/2024/1386 de 14 de xuño de 2024.

RESOLUCIÓN

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. *Asumir as actas da Mesa de Contratación Permanente correspondente ás sesións celebradas os días 3 e 10 de xuño (actas nº 2024-0008 e 2024-0010 respectivamente).*

SEGUNDO. *Excluír da licitación aos licitadores presentados:*

- *EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. : por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR do CCC (“As ofertas que non acaden un mínimo de 35 puntos nos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor quedarán automaticamente excluídas e non se procederá a apertura do sobre que contén os criterios avaliáveis mediante fórmulas ”).*
- *BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L.: por ofertar un prezo superior ao tipo de licitación establecido no apartado 2 do CCC (42.782,16 €) polo que en aplicación da cláusula 3.1. do PCAP segundo a cal “As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente ”.*

TERCEIRO. *Declarar deserto o procedemento de contratación do servizo de mantemento de equipos e redes informáticas (C24/9) por non existir ningunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nos pregos que rexe a licitación.*

CUARTO. *Iniciar un novo procedemento de contratación do servizo de mantemento de equipos e redes informáticas requirindo a estes efectos os informes e documentos precisos.*

QUINTO. *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Secretaría, Contratación e Servizos Informáticos. ”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta de acordo transcrita.

RECURSOS/ALEGACIÓNS





Concello de Cangas

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 44 e seguintes da Lei 9 /2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no prazo de quince días hábiles ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tagal).

Alternativamente poderá formularse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra dentro do prazo de dous meses.

De acordo co disposto na Disposición Adicional 15 da LCSP, os prazos computaranse desde o día seguinte á data de envío da mesma ou do aviso da notificación se fora mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación fora publicado no mesmo día no Perfil de Contratante do órgano de contratación. En caso contrario desde a recepción da notificación.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese o presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9K5DWQRAK2R06TJ2CYKPK4YWY
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

